

Orde do día da sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 29 de setembro de 2017, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 9/17, do 15 de setembro.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, desde o día 12 de setembro ata o día 25 de setembro de 2017.
- 3.- Toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas.

Comisión de Deportes e Mocidade

- 4.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Santiago Futsal correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na 1ª División de Fútbol Sala no ano 2016.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

- 5.-Aprobación do texto da addenda de modificación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e as Deputacións provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra os incendios forestais, para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES).
- 6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Camariñas para financiar o proxecto "XXVII Mostra de Encaixe de Camariñas".

Comisión de Infraestruturas viarias, vías e obras provinciais e medio ambiente

- 7.-Aprobación do Plan de investimentos en vías provinciais, 6ª fase.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico Artístico

- 8.-Aprobación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018".
- 9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ribeira para o financiamento da obra de "Mellora de seguridade viaria Avenida de Ferrol".
- 10.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento da obra de "Aglomerados na parroquia de Reboredo".

11.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Mellora da pavimentación na estrada de Cambás”, do Concello de Aranga, incluída na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2016 co código 16.2101.0321.0.

12.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Pavimentación rúas en Vila de Bares (Rúa Tomás Río Deán e outras)” do Concello de Mañón, incluída no Plan complementario do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2017 e declaración de cumprimento de condición.

13.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Renovación e abastecemento de auga do Portiño a Anduriña”, do Concello de Pontedeume, incluída no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 co código 16.3290.0057.0 e aprobación definitiva da obra.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

14.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de agosto de 2017 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de agosto de 2017.

15.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria ao 31.08.2017 e proxección ao 31.12.2017.

16.-Aprobación do Expediente de modificación de créditos número 4/2017.

17.-Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Oza - Cesuras.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS